



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA CATORCE (14) DE XUÑO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 12:00 h. do día 14 de xuño de 2023, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)

- D. José Ángel Bonome González.
- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)

- D^a Anna Margarita Candal Malvís

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D. Diego Chazarreta Arévalo, concelleiro do grupo municipal "Socialista".
- D. Iván Roca Cruz, voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor accidental, D. Jacobo Molina Sáenz.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2023003011, de 9 de xuño, que son os seguintes:

“1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o 25 de maio de 2023.”

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o 25 de maio de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo á acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que detectou un erro na relación de asistentes dado que aparece Jorge Platas, cando realmente o que asistiu ó pleno que hoxe se aproba foi él porque Jorge Platas non, de feito, figura na relación de non asistentes, polo que roga que se corrixa.

Non formulándose nin observacións nin reparos máis, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o 25 de maio de 2023 coa corrección posta de manifiesto polo voceiro do grupo municipal “Popular”*.

Ó ser a derradeira sesión plenaria deste mandato 2019-2023, aprobase tamén por unanimidade dos asistentes, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos), a presente acta.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 12.10 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en dúas (02) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.